

ACTA

En Arzúa, a 14 de xuño de 2018.

Sendo as 11.20 horas, reúnen no **pavillón polideportivo de “O Viso”**, sito na rúa Piñeiral, os integrantes do Tribunal Cualificador que cualificará a **1ª proba** (*consistente na comprobación da estatura e na realización das probas de aptitude física*), das tres probas de que consta a oposición convocada para poder seleccionar á persoa que será contratada como **Auxiliar da policía local**, durante un período de seis meses, de conformidade coas bases aprobadas por decreto do alcalde, de data 6 de abril de 2018, as cales foron modificadas por outro decreto do alcalde de data 4 de maio de 2018.

Estando presentes os seguintes catro integrantes de dita Tribunal Cualificador:

*Presidente: Don Alvaro José Noya Grela (*Policía local do Concello de Ordes*).

*Secretario: don Juan Colmenares López-Soldado. (*Secretario do Concello de Arzúa*).

*Vogais:

-Don Alejandro García Rosendo (*Policía Local do Concello de A Estrada*).

-Don Jorge Trillo Trillo (*Policía local do Concello de Ordes*).

E visto que existe o quórum suficiente para a válida constitución do Tribunal Cualificador, --de conformidade co disposto no artigo 17 nº 2 da Lei 40/2015 de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público--, o presidente procedeu a declarar constituído dito Tribunal, para seguidamente comunicar aos catro aspirantes que compareceron a realizar o primeiro exercicio de que consta esta oposición, (consistente na realización das probas físicas), que --antes de realizar ese exercicio- íase proceder a efectuar o control da estatura dos aspirantes, de maneira que quedaran eliminados os que non acaden a estatura mínima de 1,65 metros, xa que os catro son homes.

Polo que, co obxecto de dar cumprimento ao disposto na Base Sexta das que rixen a oposición, se lles foi citando pola mesma orde que o de presentación das súas respectivas solicitudes no Rexistro Xeral do Concello.

E, despois de comprobar a identificación de cada aspirante co Documento Nacional de Identidade, que exhibiron nese momento, procedeuse a realizar sucesivamente a comprobación da estatura de cada aspirante; co seguinte resultado:

Nº	Nome	Apelidos	DNI	Estatura
1	Carlos	Mejuto Ares	76930211H	169 cm.
2	Faustino José	Costas Tilve	33331854R	167 cm.
3	Luis Antonio	Mato Gil	44091561D	192 cm.
4	Alberto	Meneiro Liñares	44828789H	177 cm.

Deseguido comunicouse aos catro aspirantes que se ía proceder a realizar o **primeiro exercicio** de que consta esta **primeira proba física**, consistente no **salto vertical**, tomando por

referencia unha das columnas incrustadas nunha das paredes do pavillón polideportivo.

Advertindo aos aspirantes que deberían colocarse, sucesivamente, polo orde antes indicado, en posición de partida, de pé xunto á columna, mollando antes os dedos en pintura vermella lavable, e co brazo totalmente estendido hacia arriba e –sen levantar os calcañares do solo- marcar con eses dedos sobre a columna a altura que o aspirante alcance nesa posición; para acto seguido situarse tamén de pé, pero a 20 centímetros da mesma columna, e mollando outra vez os dedos nesa pintura vermella lavable, saltar tan alto como se poida, marcando novamente cos dedos a altura acadada sobre a columna.

Tamén advertiuse aos aspirantes:

-Que se permitirían dous intentos, só aos aspirantes que fagan nulo no primeiro intento.

-Que hai que realizar o salto cos dous pes ao mesmo tempo.

-Que se poden mover os brazos e flexionar o tronco e os xeonllos, pero non se pode separar do solo ningua parte dos pes antes de saltar.

-Que a distancia, entre a marca feita desde a posición de partida e a marca alcanzada co salto, deberá ser igual ou superior á mínima (*en centímetros*) establecida no seguinte cadro (*tratándose de homes*):

De 18 a 36 anos	De 37 a 48 anos	De 49 anos ou mais.
41 centímetros	33 centímetros	29 centímetros.

Sendo o resultado de dito exercicio o seguinte:

Nº	Nome	Apelidos	Idade	Marca salto
1	Carlos	Mejuto Ares	41	46 cm.
2	Faustino José	Costas Tilve	38	43 cm
3	Luis Antonio	Mato Gil	29	54 cm.
4	Alberto	Maneiro Liñares	38	40 cm. e medio.

Á vista destes resultados, o Tribunal Cualificador –por unanimidade dos catro membros asistentes- adoptou os acordos de declarar aptos aos catro aspirantes, por superar a marca mínima esixible en función da súa idade.

Deseguido, os catro integrantes do Tribunal Cualificador e os cinco aspirantes declarados aptos, trasladaronse ás pistas de atletismo, para realizar o **segundo exercicio** de que consta esta **primeira proba física**, consistente en realizar unha **carreira de 1.000 metros lisos**.

Advertindo aos catro aspirantes que só se permitiría un intento, debendo acadar as marcas mínimas (*en minutos e segundos*), establecidas no seguinte cadro (*tratándose de homes*):

De 18 36 anos	De 37 a 45 anos	De 46 a máis anos.
4'30''	5'00''	5'15''

Sendo o resultado de dito exercicio o seguinte:

Nº	Nome	Apelidos	Idade	Tempo acadada na carreira
1	Carlos	Mejuto Ares	41	3 minutos con 34 segundos
2	Faustino José	Costas Tilve	38	3 minutos con 40 segundos.
3	Luis Antonio	Mato Gil	29	3 minutos con 29 segundos.
4	Alberto	Maneiro Liñares	38	4 minutos con 09 segundos.

Polo que, á vista destes resultados, o Tribunal Cualificador –por unanimidade dos catro membros integrantes- adoptou o acordo de declarar aptos aos catro aspirantes.

Tras a realización dos dous exercicios anteriores, da que constaba esta primeira proba da oposición (de carácter físico), o Tribunal Cualificador –por unanimidade dos catro membros integrantes- adoptou os seguintes acordos:

Primeiro.- Ratificar as valoracións que quedaron indicadas para cada un dos catro aspirantes, así como a declaración de aptos para eses mesmos aspirantes.

Segundo.- Concretar que a **segunda proba**, de que consta esta oposición, consistente na contestación por escrito a un cuestionario de 50 preguntas tipo test, con 4 alternativas de resposta cada unha, que serán propostas previamente polo Tribunal, para ser contestadas polos aspirantes nun tempo máximo de sesenta minutos, realizarase o vindeiro día **19 de xuño (martes) ás 11.00 horas no Salón de Sesións da Casa do Concello.**

Terceiro.- Dispoñer a publicación dunha copia desta acta: no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello, así como na páxina web do Concello, para coñecemento dos interesados, e aos efectos de reclamacións o de calquera outro posible acto impugnatorio.

Co cal douse por rematado o acto, ás 12.00 horas do indicado día; estendéndose a presente acta, para ser subscrita polos membros do Tribunal Cualificador e para constancia no expediente: De todo o cal dou fe.